

POSICIONAMENTO DO CLAUSTRO DE PROFESORES DO IES PAZO DA MERCÉ PERANTE O BORRADOR DO NOVO DECRETO SOBRE O USO DE LINGUAS VEHICULARES NO ENSINO

O Claustro de Profesores do IES Pazo da Mercé, en reunión extraordinaria do 19 de xaneiro de 2010 manifesta o seu rexeitamento ao conxunto do borrador de Decreto tendo en conta que:

Se o que se pretende co novo borrador é un equilibrio entre as dúas linguas oficiais do noso país e a promoción da lingua galega, actualmente existe un Plan do ano 2004 (Plan Xeral de Normalización Lingüística) aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia e un Decreto (Decreto 124/2007) polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Este Decreto, aínda sen desenvolver na súa totalidade, foi consensuado por todas as forzas políticas e conta co respaldo maioritario da sociedade. O Decreto 124/2007 procura o equilibrio entre as linguas e a promoción da lingua galega atendendo ás recomendacións dos expertos en sociolingüística e dos organismos internacionais sobre a promoción das linguas minorizadas no ensino para que o alumnado poida acadar un nivel competencial semellante ao da lingua maiorizada.

O borrador traslada aos centros as obrigas do Goberno da Xunta, facendo deixadez das súas funcións e creando nos centros un conflito até agora inexistente ou residual. A opinión das familias, sendo importante, non pode ser en ningún caso vinculante, da mesma maneira que sendo importante a súa opinión en calquera aspecto da educación dos seus fillos e fillas, é toda a comunidade educativa e toda a sociedade galega en xeral a responsábel da educación e nomeadamente da política lingüística de Galiza. Hai que ter presentes criterios de coherencia pedagóxica e o dereito de todos os galegos e galegas a seren competentes nas dúas linguas, para logo poderen utilizalas en liberdade. Ademais, a nivel de centro existen cauces xa regulamentados de participación das familias na vida académica, como é o Consello Escolar.

A respecto da introdución de materias a impartir nunha lingua adicional, nomeadamente o inglés, até un 33% das horas lectivas, consideramos que supón ou unha burla á cidadanía ou unha cortina de fume para enmascarar a diminución das horas de galego nas aulas do 50% ao 33%. A impartición dun terzo das horas en inglés é e vai ser completamente inviábel durante moitos anos. En primeiro lugar, é de dubidosa legalidade darlle ao inglés a categoría de lingua vehicular. En segundo lugar, o inglés non é unha competencia básica que deba poñerse por riba dos obxectivos formativos que o alumnado debe conseguir ao rematar a ensinanza obrigatoria. E por último, defendemos a necesidade de promover a aprendizaxe de linguas adicionais, pero cremos que para isto se deben potenciar os departamentos de inglés e non recortar os recursos para a formación do profesorado ou reducir o número de profesores das Escolas Oficiais de Idiomas, como fixo a Consellaría este curso. Consideramos que a aprendizaxe depende máis da calidade do ensino e non só da cantidade de horas.

Por último, todos os pasos dados pola actual Consellaría de Educación e polo actual Goberno da Xunta de Galicia camiñan perigosamente cara o afortalamento de vellos prexuízos e o desprezo á nosa lingua que tantos anos levamos intentando eliminar, cara o desprestixio e a agresión á dignidade da nosa lingua propia e da nosa cultura, que é patrimonio de todos os galegos e galegas independentemente do idioma que falemos a cotío.

As Neves, 19 de xaneiro de 2010

